

PROGRAMACIÓN DOCENTE
CIENCIA E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO
curso 2017-18

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Ciencia e conservación do patrimonio
Código	IV30505
Curso aconsellado	3º
Créditos Totais	1.5
Horas totais de traballo da/o estudante	37.5
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º C
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Científico

Ámbito: H= humanidades, T= tecnolóxico, XS= xurídico social, C= científico e CS= ciencias da saúde

I.1. Profesora:

Profesora	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
M. Teresa Rivas Brea	A P V	Lunes y miércoles de 10-13 h. trivas@uvigo.es	CUVI- ETSI Minas, despacho 18 ou vía e-mail	Galego Castellano

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Non se necesitan coñecementos previos

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Esta materia encádrase preferentemente no 3º curso do Ciclo Intensivo, dentro da OPCIÓNa Ciencia e tecnoloxía. Nela trátase de expor de maneira accesible as posibilidades que a ciencia ofrece na conservación dos bens culturais, no firme convencemento da necesidade de aplicar o coñecemento científico nas diferentes tarefas de intervención no patrimonio e trasladando tamén o carácter interdisciplinar da conservación do patrimonio cultural.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais son dar a coñecer 1) os materiais usados no patrimonio cultural e os procesos que levan á súa degradación, e 2) cómo a ciencia, a través da aplicación do método científico e de diferentes técnicas, permite diagnosticar o estado de deterioro dos materiais e das obras do patrimonio facilitando definir as intervencións de conservación mais adecuadas.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos que:

- Aprendan a recoñecer os diferentes materiais usados en patrimonio cultural e a súa composición básica: vidros, cerámicas, pedra, metais, madeira, pinturas (temple, óleos, pinturas rupestres...), etc..
- Aprendan os principais mecanismos de deterioro que sofren estes materiais e tamén a recoñecer nas propias obras as manifestacións dese deterioro.
- Incorporen o método científico no diagnóstico.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	6	0	1,7	10,2	16,2	0,65
Prácticas	5	0	1,6	8	13	0,52
Viaxe de estudos	0	3	1,1	3,3	6,3	0,25
Probas de avaliación	1	0	1	1	2	0,08
Total	12	3		22,5	37,5	1,5

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
	Protocolo de estudio del diagnóstico de bienes de interés patrimonial, intervención y tratamientos de intervención directa	2
1	Materiais no patrimonio cultural (pedra, morteros, vidro, cerámica, metais, madeira, pinturas) e procesos de alteración dos mesmos	3
2	Método científico e diagnóstico: información e aplicabilidade das diferentes técnicas destructivas e non destructivas	1

Programa práctico

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Identificación dos materiais e formas de deterioro en casos reais	2
2	Taller de identificación de rochas	2
3	Propostas de estudio dos casos reais para diagnosticar o estado de conservación	1

Viaxes de estudo

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Visita a un ben cultural de interés para a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na aula	3

Bibliografía básica

Ciencia y restauración. M. MATTEINI Y A. MOLES. 310 págs. Editorial NEREA.

MARÍA LUISA GÓMEZ. La Restauración. Examen científico aplicado a la conservación de obras de arte..

Cuadernos de arte Cátedra. Instituto del Patrimonio Histórico Español. 5ª ed 2008 Madrid.

Ciencias de la tierra, una introducción a la geología física. Tarbuck y Lutgens. Pearson Prentice Hall.2005

ESBERT, R.; GONZÁLEZ, T. (1997). Manual de diagnosis y tratamiento de materiales pétreos y cerámicos.

Editado por Colegio de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Barcelona, nº 5. Barcelona.

Bibliografía complementaria**VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**

Clases: Nas clases maxistras se impartirán os contidos teóricos máis básicos (composicións dos materiais e procesos de deterioro) pero sempre utilizando imaxes de diferentes bens culturais nun espazo de discusión activo e dinámico.

Traballos prácticos:

1. **Taller de identificación de rochas.** Aplicando claves e probas de identificación sinxelas, propónse un taller de identificación de rochas usadas no patrimonio cultural.
2. **Traballo práctico:** cada alumno escollerá un ben cultural (ou o docente facilitaralle un) sobre o que traballará co obxecto de identificar os diferentes materiais usados, as diferentes manifestacións do deterioro e os axentes de alteración que máis probablemente estén a actuar neles. Usando estes mesmos exemplos, o alumno intentará definir un protocolo de análise-estudo co obxecto de corroborar as súas hipóteses de deterioro.

Viaxes de estudo: se realizará unha visita a un ben cultural diante do cal os alumnos verán *in situ* diferentes formas de alteración e porán en práctica os coñecementos e habilidades adquiridas para establecer hipóteses de deterioro e propostas de estudio.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O 50% da nota corresponde á asistencia e participación al menos no 80% das horas presenciais. Ata o 50% (restante) deberá obterse a partir dalgún exercicio de descrición de bens culturais e patoloxías que se realizará na aula durante o desenvolvemento teórico – práctico da materia.

IX.- OBSERVACIÓNS

Os alumnos que desexen mellorar as cualificacións poderán presentar un traballo escrito (máx. 10 folios incluídas as táboas e figuras e bibliografía) no que presenten a descrición detallada do ben cultural que escolleron, así como a descrición das formas de alteración, hipóteses de deterioro e `propostas de estudio.